Por tanto, atopámonos cun gasto realizado que se ten que pagar, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 5/2017 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2017 por importe de 8.484,52 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2015/5308	19/11/2015	32749461Z	QUEIJEIRO VARELA JOSE MIGUEL	701,80
F/2015/5428	15/12/2015	32749461Z	QUEIJEIRO VARELA JOSE MIGUEL	4.356,00
F/2015/5629	28/12/2015	32749461Z	QUEIJEIRO VARELA JOSE MIGUEL	3.426,72
			TOTAL	8.484,52 euros

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ao acredor relacionado anteriormente.”



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que se trata de facturas que corresponden ano 2015 con reparos de Intervención. Preséntanse por incumprir a lei de contratación. É un contrato menor e hai un fraccionamento. Xa se levantaron algúns reparos e agora se presentan os que faltan para levantar os reparos. O traballo está realizado. Os técnicos din que está en prezo de mercado e se solicita o levantamento da suspensión para corresponder ao pagamento.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, expón que neste expediente número 5 aínda llo pon peor. Loxicamente, o seu grupo ten que votar en contra, por unha sinxela razón, porque sobre estas facturas xa preguntaron varias veces no pleno por elas. Está de acordo que son facturas, que son contratos encadeados, e que ademais son traballos para facer nos Ceip do Graxal, do Portofaro, de Wenceslao Fernández Flórez, de Brexo Lema, onde ademais o concello non ten competencias, porque son da Xunta de Galicia. Pero o concello ten que pagar a factura. Di que lle estraña que soamente se presenten tres, quizais porque as outras foron aprobadas en Xunta de Goberno. Que el lembre non as presentaron ao Pleno. Foi aprobado o pagamento das outras facturas en Xunta de Goberno. Non obstante, estas tres concretamente por oito mil euros, cando as outras eran dezasete mil euros, si as presentan ao Pleno. O seu grupo, loxicamente votará en contra. Neste expediente, máis que ningún, incluso o de Augaservi. Advirte das consecuencias de votar a prol destas facturas, concretamente estas con esta fiscalización do interventor.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdeC-SON, manifesta que por intentar ser un pouco xustos, lle asombra en realidade a falsa moralidade do Partido Popular cos temas dos reparos. Hai que lembrar que estiveron durante catro anos insistindo unha e outra vez en intentar solucionar ou intentar facer ver o Partido Popular que había que solucionar o tema dos reparos, ao igual que se fai agora, e cre que o seu grupo non é sospeitoso de ter afinidade co Partido Popular nin con Unión por Cambre.

Fai unha oposición o máis obxectiva que entende que é posible, a veces o fará mellor e outras seguramente peor, pero co tema dos reparos cre que o seu grupo sempre foi incorruptible, por dicilo dalgún xeito.

Di que o señor Rivas agora se preocupa moitísimo das consecuencias que pode ter o levantamento dun reparo, cando el era alcalde non lle preocupaba en absoluto. E o seu grupo dicíallo tamén. Hai un interventor que desvincula o seu labor reparando un traballo concreto, un servizo concreto e é o pleno nestes casos, ou o alcalde nos casos que corresponda, quen ten que levantar ese reparo. Por ese motivo o seu grupo cando recae sobre as súas costas e non ve claridade, por iso falaba incluso dos actos de fe, non ve claridade nese procedemento de contratación, non vota a prol. Di que quere que quede claro, non é que estea votando en contra deste goberno, concretamente, porque se fora o seu grupo o que estivera recollendo, por poñer un exemplo que seguramente non sexa así, está condenado a ser oposición, pero si fora o seu grupo o que tivera que recoller ese testemuña de toda esa cantidade de reparos deste goberno do Partido Popular anterior e dos anteriores, seguramente se atoparía nesta mesma situación. Di que xa non sabe ela se estaría na mesma situación con respecto das contratacións, ou ao mellor terían sido máis dilixentes. Non o sabe. Vaino deixar aí.

Pero, quere que se entenda o sentido do voto do seu grupo, que non é nin votar en contra do goberno nin votar en contra, nin opoñerse, ou como dicía o señor alcalde unha vez o non polo non. Non é o non polo non. De verdade, que non. Non é por iso. Pero, si é certo tamén que facendo honor á xustiza non se debería ter a pel tan fina e o Partido Popular non debería ter a pel tan fina falando de reparos cando foron os reis dos reparos e da ausencia de resposta cando se lle preguntaba por todos os reparos e todos os procesos de contratación que non foron quen de solucionar nin un só durante catro anos.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que polos mesmos motivos que anteriormente, o seu grupo votará en contra.

O señor alcalde expón que respecto destas facturas, non estaba, dende logo, de acordo coa forma de contratación e xa o expuxo no seu momento e o dixo publicamente, pero entende que, e estaba esperando



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

precisamente os informes tanto dos técnicos dos distintos departamentos dicindo que os traballos se fixeron, como os informes dos técnicos dicindo que os traballos que se fixeron se adaptaban a prezos de mercado. Unha vez que hai estes informes, o que se fai é presentalos a pleno porque quen fixo os traballos non ten culpa se se contratou ben ou se contratou mal e, polo tanto, vai ter que cobrar, que fixo o traballo. Por iso, preséntao ao pleno, nin máis nin menos. Non é como os outros expedientes que se presentaron ata agora, que era por un tema de non contratalos.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

6º Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2017. Expediente número 6/2017

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de febreiro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 1.500,00 euros, e o informe de reparos emitido con data 14 de febreiro de 2017 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que a factura que se pretende aprobar, non se aprobou no seu debido momento, por non ser posible a súa aprobación ao presentarse nos últimos días do exercicio no que se prestou o servizo.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos con gastos realizados que se teñen que pagar, e co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita o aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 6/2017 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2017 por importe de 1.500,00 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2016/6407	23/12/2016	G15551120	FUNDACION MENIÑOS	1.500,00
			TOTAL	1.500,00 euros

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes ao acredor relacionado anteriormente.”

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que se trata de facturas por un importe de 1.500 euros á Fundación Meniños en concepto do servizo de intervención terapéutica especializada de carácter psicoeducativo. Di que a secretaria municipal fai constar que non é competencia municipal, se ben os técnicos municipais de servizos sociais do concello din que si é competencia e aconsellaron no seu momento os servizos desta función e se decidiu que era necesario prestalos e así se fixo. Por tanto, considera que o servizo hai que pagalo.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstense o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

7º Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2017. Expediente número 7/2017

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de febreiro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 4.901,91 euros, e o informe de reparos emitido con data 14 de febreiro de 2017 pola intervención municipal.

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non terse presentado no mesmo exercicio no que se prestou o suministro.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: "Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...").

Por tanto, atopámonos cun gasto realizado que se ten que pagar, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 7/2017 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2017 por importe de 4.901,91 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2017/169	10/01/2017	B15170095	L. BUGALLO, S.L.	2.664,06
F/2017/172	10/01/2017	B15170095	L. BUGALLO, S.L.	1.618,33
F/2017/173	10/01/2017	B15170095	L. BUGALLO, S.L.	619,52
			TOTAL	4.901,91 euros

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ao acredor relacionado anteriormente."

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que se trata de facturas por un importe de 4.901,91 euros, con reparos suspensivos e é por non contratación á empresa L. Bugallo, S.L. pola subministración de combustible xerador campo de fútbol Barcala e centro de saúde de Cambre en novembro, outubro e setembro de 2016.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstense o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

8º Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2017. Expediente número 8/2017

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de febreiro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

"Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 3.327,50 euros, e o informe de reparos emitido con data 14 de febreiro de 2017 pola intervención municipal.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O principio de anualidade queda recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

No relativo aos gastos o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non terse presentado no mesmo exercicio no que se prestou o servizo.

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos cun gasto realizado que se ten que pagar, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal.

Segundo: Aprobar o expediente número 8/2017 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2017 por importe de 3.327,50 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA FACTURA	NIF/CIF	NOME /DENOMINACION SOCIAL	IMPORTE
F/2017/155	09/01/2017	B96923198	GESTION CUATROCIENTOS S.L.	1.663,75
F/2017/156	09/01/2017	B96923198	GESTION CUATROCIENTOS S.L.	1.663,75
			TOTAL	3.327,50 euros

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ao acredor relacionado anteriormente.”

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que se trata de facturas con reparos tamén por unha contratación por un importe de 3.327,50 euros á empresa Gestión Cuatrocientos, S.L., polo mantemento de aplicacións informáticas dende o 1 de marzo de 2016 ata o 31 de maio de 2016 e dende o día 1 de xuño de 2016 ata o día 31 de agosto de 2016.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que soamente quere intervir porque a postura do seu grupo neste sentido sempre que haxa un informe suspensivo será o voto en contra. Di que acaban de levar con este último, son sete expedientes de recoñecemento de crédito por importe case de medio millón de euros. Medio millón de euros. Di que el está de acordo que ao mellor no primeiro grupo da empresa Gas Natural que hai facturas do mes de xuño, ou do mes de novembro incluso do ano 2015, que poden ter a xustificación porque aos técnicos non lles dá tempo a revisar ou polo que sexa, pero, no resto que son facturas pequeniñas, de baixo importe, do 10 de xaneiro, que non estaban no orzamento, non había contrato. Quéreo deixar claro, Gestión Cuatrocientos, S.L. data da factura 9 de xaneiro de 2017 e que se teña que presentar ao pleno con carácter suspensivo por ter superado o exercicio orzamentario do 2016.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Intervén o interventor para manifestar que o recoñecemento extraxudicial se presenta porque é un servizo prestado no exercicio anterior e se presenta ao pleno con carácter suspensivo non por iso, senón porque non hai contrato.

Don Manuel Rivas Caridad repite que se trata de medio millón de euros nos sete expedientes que se trataron.

O señor alcalde contéstalle ao señor Rivas e expón que lle volve a dicir o mesmo, non sabe, se llo di Juan María Abalo ou Manuel que entraron nesta lexislatura e o poden dicir, pero que llo diga o señor Rivas, que é unha herdanza que o señor Rivas deixou por non facer o seu traballo, ten narices o tema. E que lle diga a el que está a facer unha cousa que é herdanza que lle deixou o señor Rivas, é que ten narices o tema.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstense o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

O señor alcalde volve a repetir que asume esa responsabilidade e ese tirón de orellas por non ter contratado todo isto no ano e medio que leva de lexislatura e a súa intención neste ano é contratar o máximo posible e presentar os menos posibles expedientes de recoñecemento de obrigas por non ter contratados os servizos. Nisto están a traballar e seguirán traballando.

9º Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 15 de febreiro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“O Goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS+) do ano 2017, cuxas bases foron publicadas no BOP número 226 do 29 de novembro de 2016.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+ 2017 dun total de 1.228.377,43 €, correspondendo 539.490,09 € a “achega provincial 2017”, 331.993,90 € a “Achega provincial 2016” e 356.893,44 € a “Préstamo provincial 2017”.

Segundo o disposto na base 2 das reguladoras do Plan, a “achega provincial 2016” deberá destinarse ao pago de provedores cando o período de pagamento das súas facturas de importe igual ou superior a 100 € (IVE engadido), exceda en máis de tres meses o período de pagamento establecido no RD 635/2014. A cantidade restante poderá destinala á realización de investimentos financeiramente sostibles, e ao financiamento das achegas municipais para investimentos incluídos noutros Plans, Programas ou Convenio.

A “achega provincial 2017” deberá destinarse ao pago de provedores, unha vez esgotada a cantidade correspondente á “achega provincial 2016”, e o resto ao financiamento de gastos correntes, á realización de investimentos, ao financiamento de honorarios de redacción de proxectos e ao financiamento das achegas municipais para investimentos incluídos noutros Plans, Programas ou Convenio.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Finalmente, o “préstamo provincial 2017” deberá destinarse a reducir o endebedamento do Concello con entidades financeiras, como mínimo, o importe resultante de aplicar ao dito préstamo provincial 2017, a porcentaxe do seu “nivel de endebedamento”, calculando para iso a proporción que representa o volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, e o resto á realización de investimentos.

A proposta presentada inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar a totalidade do importe correspondente á “achega 2016” aos investimentos financeiramente sostibles, que se indican a continuación:

Denominación	Importe
Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala	103.653,95 €
Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala	68.370,67 €
Saneamento na parroquia do Graxal e outros	91.982,95 €
Mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Constitución, Francisco Rodríguez e outros (O Graxal)	68.174,90 €

Estes investimentos supoñen un total de 332.073,52 €, polo que o Concello de Cambre deberá aportar 79,62 € (332.073,52-331.993,90).

- Destinar a asignación da “achega 2017”, por unha parte a gasto corrente (230.000,00 €), e o resto aos investimentos que se indican a continuación:

Denominación	Importe
Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros	221.951,61 €
Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)	87.517,96 €

O importe total dos investimentos ascende a 309.469,57 € (sobre 539.490,09 €), polo que o Concello de Cambre propón destinar a gasto corrente 230.020,52 euros.

- Destinar o importe correspondente ao “préstamo 2017”, por unha parte á amortización da débeda (96.893,44 €), e o resto ao investimento que se indica a continuación:

Denominación	Importe
Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase I	1.799.999,98 €

Como novidade, as bases reguladoras do POS + 2017, establecen a obriga para os Concellos de solicitar “investimentos financeiramente sostibles” dentro do Plan Complementario, por un importe mínimo do 20% da suma dos tres tipos de achegas provinciais, isto é, como mínimo 245.675,49 €. Proponse como actuacións, os seguintes investimentos:

Denominación	Importe
Ampliación e reforma do parque infantil da Praza Manuel Lugo, O Temple	133.546,42 €
Reordenación dos estacionamentos na rúa Sil, A Barcala	68.151,75 €
Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple	75.053,50 €

A elección dos proxectos de investimento a escoller tivo en conta varios factores: a Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local (EIEL) xestionada pola Deputación, as demandas veciñais, as propostas realizadas polos grupos municipais nos últimos tempos e do goberno municipal.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

O proxecto denominado “Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala”, ten por obxecto cambiar o pavimento da zona de xogos para que sexa de caucho, desmontando os xogos existentes, e instalando xogos totalmente novos. Cabe



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

destacar a presenza de xogos adaptados para persoas con diversidade funcional, que non se atopan nunha zona aparte, senón totalmente integrados na área en el área infantil, posto que os xogos adaptados poder ser utilizados simultaneamente por nenos con e sen discapacidade. Así mesmo, propónse a ampliación da zona infantil pasando de ter 330 m² a 535 m², xa que a actual era insuficiente para satisfacer a demanda da zona.

Co proxecto denominado “Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala”, preténdese subsanar o deficiente estado no que se atopan estes equipamentos, especialmente o cerramento perimetral, debido ao efecto continuado das incidencias meteorolóxicas. Ademais, tendo en conta que o uso da pista de tenis redúcese, única e exclusivamente, aos cursos de tres semanas organizados durante os meses de verán, mentres que se usa a diario para xogar ao fútbol sala e outras actividades de maneira esporádica, para as que na actualidade, non contan co equipamento necesario, o proxecto contempla a transformación da pista de tenis nunha pista multideporte.

Por outra banda, o proxecto denominado “Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros” ten por obxecto a renovación do firme dos camiños codificados cos números 00018 (Lendoiro, Cambre), 00071 (Bandeboo, Brexo), 00086 (Acaroadá, Cambre-Cela), 00204 (Brille, Andeiro), 00229 (Os Curras, Sta. M^a de Vigo), 00261 (Bribes, Peirario), e 00338 (Lendoiro, Cecebre).

O goberno municipal propón como outra das actuacións a incluír no POS + 2017, o proxecto “Reforma das pistas polideportivas cubertas de Os Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)”. Así, no polideportivo de Sigrás, atópase unha pista polideportiva na que xogan as competicións o equipo local de hockey sobre patíns. Debido a que o pavimento non se atopa en bo estado, non é moi apropiada a realización de competicións oficiais, polo que se propón a reparación do pavimento e o cerramento perimetral da pista. O polideportivo de Brexo-Lema tamén ten o pavimento degradado polo que se propón o seu repintado.

Finalmente, dentro do POS + principal, propónse incluír o proxecto “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase I”. Propónse un novo modificado por motivos económicos cun orzamento por contrata de 1.799.999,98 € e coa firme vontade de dotar ao Concello de Cambre dunha biblioteca pública. As modificacións consisten na redución de programa e de superficie construída, resultando unha superficie total de 1.643,40 m², eliminándose por completo o soto e as comunicacións interiores entre o andar baixo do salón de actos e o andar primeiro de biblioteca, para que podan desenvolverse de forma independente cada un dos equipamentos. Así mesmo, modifícanse os acabados da fachada acometéndose o proxecto por fases. Nesta fase I executarase a estrutura e a envolvente do edificio completo e unicamente se acondicionará o andar primeiro da biblioteca. O baixo andar previsto, rematarase nunha fase posterior.

Dentro do POS+ 2017 complementario propónse a obra denominada “Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugrís, O Temple”, mediante o que se propón ampliar a zona destinada a xogos infantís pasando de ter unha superficie de 196 m² a 870,70 m², cambiando o pavimento que será de caucho e instalando xogos totalmente novos. Cabe destacar a presenza de xogos adaptados para nenos con discapacidade de forma integrada na área infantil. A capacidade de uso do parque infantil estímase en 59 usuarios, simultaneamente.

Así mesmo, propónse dar solución aos problemas de estacionamento existentes na Urbanización A Barcala, en concreto na rúa Río Sil, situadas nas proximidades da escola infantil, a través da actuación denominada “Reordenación dos estacionamento na rúa Río Sil, A Barcala”, proxectando unha nova liña de aparcadoiros en batería en onde actualmente existe un aparcadoiro en liña, conseguindo así duplicar as prazas de aparcamento existentes.

Por último, propónse incluír no POS + 2017 Complementario a actuación denominada “Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple” cuxo obxecto é dar continuidade aos itinerarios peonís entre A Coutelana e a rúa Otero Pedraio, así como rematar a urbanización do entorno das naves do Polígono do Temple e dotar a rúa Polígono de rede de pluviais.

Tendo en conta o disposto no apartado 3 da base 2 das reguladoras do Plan, con data 14 de febreiro de 2017 solicitáronse as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos, segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Tendo en conta todos estes razoamentos e:

Vista a circular procedente da Excm. Deputación provincial da Coruña, recibida o 7 de decembro de 2016, respecto da elaboración do plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017.

Vistos os proxectos elaborados pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data 14 de febreiro de 2017.

Vistos os proxectos elaborados por dona María Trillo Abuín, de datas 14 de febreiro de 2017.

Visto os proxecto redactado polo enxeñeiro técnico municipal de data 10 de febreiro de 2017

Vistos os informes urbanísticos emitidos polo arquitecto municipal de datas 13 e 14 de febreiro de 2017.

Vistos os informes favorables relativos á dispoñibilidade de terreos emitidos conxuntamente polo enxeñeiro de camiños municipal, pola técnica de xestión de administración xeral e pola secretaria xeral do Concello de data do 14 de febreiro de 2017.

Visto os informes do interventor municipal de data 14 de febreiro de 2017.

Con base no anterior, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2017"**, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0 €
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	230.020,52 €
Subtotal gasto corrente	230.020,52 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros	221.951,61 €	0 €	221.951,61 €
Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)	87.517,96 €	0 €	87.517,96 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017	309.469,57 €	0 €	309.469,57 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación e reforma do parque infantil oeste de A Barcala	103.465,38	188,57 €	103.653,95 €
Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala	68.370,67 €	0 €	68.370,67 €
Saneamento na parroquia de O Graxal e outros	91.982,95 €	0 €	91.982,95 €
Mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Constitución, parque Francisco Rodríguez e outros (O Graxal)	68.174,90 €	0 €	68.174,90 €
Subtotal investimentos achega provincial 2016	331.993,90 €	188,57 €	332.182,47 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase I	260.000,00 €	1.539.999,98 €	1.799.999,98 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	260.000,00 €	1.539.999,98 €	1.799.999,98 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0 €

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0 €
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0 €
Subtotal achegas municipais	0 €

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código de préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
BANCO SABADELL, S.A.	807488718007	22.368,59 €
BANCO SABADELL, S.A.	807551281654	74.524,85 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		96.893,44 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A.- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	0 €	0 €	0 €
	Achega 2017	0 €	0 €	0 €
B.- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	230.020,52€	0 €	230.020,52 €
C.- INVESTIMENTOS	Achega 2017	309.469,57 €	0 €	309.469,57 €
	Achega 2016	331.993,90 €	188,57 €	332.182,47 €
	Préstamo 2017	260.000,00 €	1.539.999,98 €	1.799.999,98 €
D.- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0 €	0 €	0 €
E.- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0 €	0 €	0 €
	Achega 2016	0 €	0 €	0 €
F.- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	96.893,44 €	0 €	96.893,44 €
TOTAL	Achega 2017	539.490,09 €	0 €	539.490,09 €
	Achega 2016	331.993,90 €	188,57 €	332.182,47 €
	Préstamo 2017	356.893,44	1.539.999,98 €	1.896.893,42 €
	TOTAL	1.228.377,43	1.540.188,55 €	2.768.565,98 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos.

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total da achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugo, O Temple	133.546,42 €
Reordenación dos estacionamentos na rúa Río Sil, A Barcala	68.151,75 €
Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple	75.053,50 €
TOTAIS	276.751,67 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente son necesarias, isto de conformidade co establecido nas Bases nºs 2.1 e 5.3 das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ 2017), publicadas no BOP nº 226 do 29 de novembro de 2016.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2017.

- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á concellería-delegada da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Concedida a palabra a don Juan González Leiros, voceiro de Unión por Cambre, expón dúas cuestións. Primeira, as vantaxes que ten o POS+, que se chama POS+ porque o que fai é que integra diversos, varios plans, é que permite programar o concello, facer unha programación anual dos proxectos que realizará nese ano e non estar facendo durante o ano proxectos e proxectos, senón programarse. A desvantaxe que ten é que hai que facer un número de proxectos inxentes nun espazo de tempo moi corto, iso foi o que pasou con este POS+, que é o primeiro ano que se fai. Polo tanto, houbo esta deficiencia.

En canto ao segundo problema, de aprobalo agora o día 16, danse conta de que hai un fin de semana, polo tanto, comezan o día 20 e tiveron unha mala experiencia xa co PMA, onde se quedaron sen subvención porque a última hora non se foi capaz de integrar. Di que os funcionarios lle comentaron que por favor que lles deixasen tres ou catro días, por este tipo de problemas de sistemas informáticos que é como os hai que presentar, que ás veces teñen problemas e pode aparecer calquera deficiencia. Por isto, toda esta présa, porque en tres meses hai que facer os proxectos, lembra que son unha cantidade bastante extensa de proxectos, o que se está a facer aquí é levando un investimento de novecentos mil euros para o concello, co que di, que é un investimento importante, que se se perde, se perde unha grande cantidade de investimentos, mailo complementario que son douscentos corenta e cinco mil euros, o que fai unha cantidade de case un millón douscentos mil euros. Polo tanto, haino que xestionar, hai que facer os proxectos, contratalos, etc. E esta é a presa, non é porque eles non o queiran facer e, máis, deuse unha información sen acabar os proxectos á oposición uns días antes para que o foron estudando.

Continúa a dicir que de calquera maneira quere destacar que estes proxectos xa viñan no orzamento municipal, é dicir, non son proxectos novos. Precisamente este ano ao haber aprobado o orzamento ao principio de ano, a vantaxe que ten é que estes proxectos xa foron discutidos máis ou menos. Pregúntase que se presenta aquí. Non se presenta a discusión dos proxectos. Preséntanse os proxectos en si, porque a Deputación lles obriga a aprobalos. Polo tanto, son meros trámites, en principio, técnicos que eles foron os que fixeron os proxectos, os que os analizaron e cre que teñen uns técnicos suficientemente competentes para saber se un proxecto está ben ou non e que teñen calidades. Di que el, dende logo, non supervisou os proxectos, a pesar de ser técnicos, porque cre que os técnicos municipais o fan nese sentido ben. Polo tanto, se se vai facer un auditorio, se quere facer o auditorio ou non. O tema de se o proxecto ten ou non ten as condicións específicas técnicas lle parece que é un tema dos técnicos.

Di que, concretando, o que se presenta son os proxectos seguintes: ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala; mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e saneamento na parroquia do Graxal e outros; mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Constitución, Francisco Rodríguez e outros (O Graxal), este ven dentro dunha política de aforro enerxético, que é necesario construír pouco a pouco; pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros; reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo), estes son os proxectos que lle chaman principais; e despois das baixas que haxa deste proxecto, que lles obriga a Deputación tamén a poñelos, que antes se facía a posteriori, se fan os complementarios nunha previsión de que poida quedar un 20% de baixas no exercicio da licitación.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Pode quedar ou non quedar. Pero, en principio, adoita quedar un 20%, incluso un 30%. Di que os proxectos dese 20% serían ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugo, O Temple; reordenación dos estacionamentos na rúa río Sil, A Barcala e mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e a Coutelana, no Temple.

Continúa a dicir que a previsión destes temas, dependendo cando a Deputación lles dea unha resposta, serían os principais adxudicados, incluso executados, a ser posible, pero polo mínimo adxudicalos no ano 2017. Os complementarios, como non vai a ser posible, porque hai que esperar que se cumpran os principais, será no principio do ano 2018.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que están todos de acordo que moitos destes proxectos estaban nos orzamentos. E con estar máis ou menos de acordo con eles, porque non os puideron analizar nin ver dada a prisa coa que enviaron a documentación, na maioría deles non ten ningún inconveniente.

Manifesta que o que lle ten asustado, repite asustado, é que o señor Leirós pasou por alto e non o dixo, casa da cultura de Cambre proxecto básico e de execución modificado febreiro 2017. Fase I. 1.799.999,98 euros. Di que destinan do POS+ 260.000 euros do préstamo provincial. Se destinaran máis xa non sería un proxecto sostible, como esixen as bases da Deputación. Pero pon achega do concello 1.539.999 euros, que se pregunta el como o van a realizar, como o van a facer. Mediante un préstamo, porque isto en plan plurianual da Deputación, non entra como plan plurianual. Tanto foi a súa preocupación, que o preguntou, e o señor Leirós se equivocou. A Cambre correspóndelle 1.228.377,43 euros do POS+. Repite 1.228.377,43 euros. 162.481 euros menos que cando existía o POS o PAS e o PAI, máis todos os servizos sociais, turismo, promoción económica, etc. Que loxicamente vai a reclamar. Xa presentou unha moción, cre que se vai presentar en todos os concellos, para que os remanentes da Deputación se apliquen a todo isto. Di que a el, con sinceridade, con estar de acordo con todos os proxectos, porque non tivo tempo a analizalos, a verdade sexa dita, lle deron a documentación o martes ao mediodía, e é unha documentación ardua, lle preocupa o 1.540.000 euros que faltan. Di que iso lle gustaría que llo explicaran, como o vai a facer, como o vai a desenvolver, se o concello vai pedir préstamo, se vai empeñar, en que prazo.

Continúa a dicir que o segundo asunto que lle preocupa é que pasa coa urbanización. A parcela onde está proxectado o auditorio está incluída nunha parcela que era dun propietario que non chegou a facer a obra, concretamente a UE4 e que tiña obriga de facer a urbanización. Esa empresa polo que sabe está practicamente en quebra ou o que se chama concurso de acredores en liquidación e o ten preocupado, porque se rematan o auditorio recorrendo a préstamos que non vai a dicir como e o rematan en tres anos mentres non estea feita a urbanización non se pode utilizar. Di que lle gustaría que lle explicara todos estes pormenores, porque a verdade está preocupado.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdeC-SON, manifesta que coincidindo coa prisa e coa cantidade de documentación, que mal que ben, tiveron que analizar, si é certo, que se atopa cunha serie de proxectos que na Asemblea Cidadá de Cambre non satisfacen. Non satisfacen na súa inmensa maioría porque, volve ao mesmo de sempre, non chega o diñeiro para todo o que quere facer, iso está clarísimo, e hai que priorizar e aí si que disente co señor Leirós, si que hai decisións políticas, é dicir, o que se está a votar efectivamente son os proxectos e eses son técnicos, pero si é verdade que politicamente se decide o que se considera prioritario ou non. Iso quen o ten que decidir. O goberno evidentemente. E ela pode estar máis ou menos de acordo e así o expresa. Certo é que evidentemente se atopan con necesidades imperiosas a levar a cabo no concello, ampliación de parques infantís, que levan pelexando polos parques infantís moitísimo tempo que están nun estado que evidentemente hai que botar man deles e hai aquí varias actuacións nese sentido; mellora das pistas descubertas do Ramón Barba; saneamento parroquia do Graxal, outros saneamentos, verdadeiras necesidades e que aquí se reflicten; pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros camiños moi necesitadas desas pavimentacións, tal e como ven requirindo pleno tras pleno e que efectivamente



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

se atopan dentro deste proxecto; reforma de pistas polideportivas, é dicir, para o seu grupo si é verdade que hai unha maioritaria satisfacción cos proxectos que aquí se inclúen, agás, e si é efectivamente unha crítica política, nada que ver co traballo feito polos técnicos, coa decisión do auditorio.

Manifesta que é unha crítica política porque si considera que o volume e a cantidade de cartos que se teñen que investir e que teñen que saír do Concello de Cambre para algo que tamén é necesario, pero aí si que efectivamente entra a discrepancia política. O seu grupo considera que hai outras necesidades previas, ou que necesariamente se terían que satisfacer antes deste, insiste si tamén necesario auditorio, biblioteca ou como por exemplo e volve a ser repetitiva, o famoso centro de día que considera que sería incluso máis necesario.

Expón que neste sentido, de todos os xeitos, o voto do seu grupo evidentemente non vai ser contrario nin moito menos. Sabe que este POS vai saír para adiante e o voto do seu grupo vai a ser a abstención, facendo esa salvidade do auditorio e felicitando polo resto dos proxectos que se inclúen no POS.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que como xa dixo ao principio, un proxecto de semellante calibre non se pode ver en dous días. No tema do auditorio di que lle asaltan moitísimas dúbidas, o tema dos sotos, dos aparcadoiros, no pouco tempo que tivo para velo. Non entende como non leva un aparcadoiro, viu que hai unha planta baixa, unha primeira planta e unha cuberta, que non se aproveita o desmorte natural que ten ese terreo para poder facer un muro de contención e facer un aparcadoiro. Non deu tempo real, material a dicir que lle expliquen isto e o teñen que entender, á parte xa da cantidade de diñeiro que suma, que din que se vai pagar en tres veces. Pregunta se hai algunha seguridade de que, porque este primeiro ano se conta coa subvención, pero repite hai algunha seguridade de que o segundo e terceiro ano se vai a ter ese diñeiro, hai algún convenio, a Deputación lles dixo si señores, adiante, porque se despois non hai esa subvención que se fai se gastamos medio millón de euros e logo hai que paralizar a obra porque non hai máis diñeiro.

Continúa a dicir que son unha serie de dúbidas que lle asaltan e non tiveron tempo de consultar con eles. Claro que é necesario un auditorio, hai moitísimas necesidades e é unha grande idea, pero di que lle están a pedir que vote algo que case, case é poñerlle a todos os cambreses unha corda ao pescozo. Di que lle gustaría ter máis tempo, de verdade, de falar de todo isto e se o poden explicar agora, di que llo agradecería. Tamén saber dende cando teñen eses planos, segundo lle dixeron a ela, isto xa estivo exposto nun estudo de arquitectura aquí hai catro anos, non sabe se é verdade ou non. Pregunta que custo tivo este proxecto, canto custa, porque normalmente soe ser o 10% do valor estimado, ou sexa, que isto pode chegar a custar uns 150.000 euros, como se vai pagar. Hai moitísimas dúbidas. Di que lle agradecería que llo explicaran.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós expón, brevemente, e maniféstalle ao señor Rivas que el non está equivocado e di que ata o de agora sabe o que di. Ás veces, di que se equivoca como todo o mundo, pero sabe o que di. O que dixo foi que en investimento había 900.000 euros, evidentemente, amortización 96.000 e evidentemente en gasto corrente 230.000 e iso evidentemente fan a suma que di o señor Rivas, 1.228.337,43 euros. Di que llo suma para que saiba que din o mesmo. O que ocorre é que se o señor Rivas lle escoitara, sabería que el dixo en investimento. Polo tanto, amortización e gasto corrente non o considera investimento, soamente é un matiz.

Continúa a dicir que con respecto do tema da urbanización, dille que non se preocupe. A parcela dotacional vai a funcionar cando estea o edificio realizado. Di que non se preocupe que vai funcionar, si pode funcionar, é factible e vai funcionar.

Don Juan González Leirós dille a dona M^a Olga Santos López que ela ten razón, é unha decisión política. O único que quere dicir é que a discusión política de case todos estes proxectos se formulou no ámbito do orzamento, porque foi antes, pero evidentemente ela sabe que se discutiu, se viu e hubo oportunidade de politicamente dicir que non ou que si. A todos pareceulles, máis ou menos, e continuaron para adiante. Con todas as críticas sobre

o auditorio que evidentemente son decisións políticas. O seu grupo cre que Cambre non soamente debe de investir en certas cuestións como rede de sumidoiros, que é importantísimo e necesario. Cambre débese de reanimar, polo tanto, fan falta algúns elementos e oxalá lle acompañen o Edusi, porque iso implicaría bastantes investimentos a Cambre e lle potenciaría. O primeiro esquema é o auditorio, á parte doutro, e di que cre que lle daría vida a Cambre, a vida é negocio, o negocio é intervención e calidade de vida. Cre que iso é suficiente. Di que acepta a crítica.

Don Juan González Leirós maniféstalle a dona María José García Hidalgo que están sempre a súa disposición e a de todos para ofrecerlles toda a información. Mañá mesmo quedarán para ver o tema da vía Ártabra. Nunca tivo problemas. O proxecto a que ela se refire, di que é unha mágoa, porque efectivamente leva nun despacho en urbanismo, o que di ela, o anterior leva catro anos. Puido velo calquera. E dicir, é un tema de preguntar, tendes o proxecto anterior, e el ofrece o proxecto porque alí está, algúns o viron. Di que interese ten non darlles unha copia. Foi unha mala interpretación. Ela non acudiu a el para preguntar se tiñan algo, e el llo houbera dado. Di que o proxecto chegou hai dous días, o proxecto modificado. O valor deste proxecto modificado foi de 17.000 euros, non o 10%, porque evidentemente non pagarán un proxecto que xa estaba pagado de antes. Pagarán a reforma, por iso se acudiu ao mesmo proxecto e non se reformou.

Continúa a dicir que con respecto dos sotos, o problema é que teñen un orzamento e agora explicará o interventor como se fan as contas, que el é o xenio das contas, el diso non sabe nada. Di que tiñan 1.800.000 euros para realizar o edificio, a isto era ao que se tiñan que adaptar. Non se pode gastar máis. Estase en crise. Hai que facer as reservas. Polo tanto, non se pode facer o soto, o semisoto, o contrasoto, porque non dá para máis. Polo tanto, esa é a cuestión. É unha decisión política, e decidiuse por aí, non por outro bando.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que neste caso o BNG, como moitos outros puntos da orde do día deste pleno, votará favorablemente.

Di que el particularmente como concelleiro de Cultura un pouco en función do debate que aquí se ten presentado e que é recorrente neste pleno municipal e, en certa maneira, é lóxico, porque hai posturas políticas diverxentes. Matiza o seu criterio particular e que en parte fundamenta o voto do seu grupo sobre a idoneidade, a necesidade, a inmediatez, a prisa coa que se ten que tratar a cuestión da casa da cultura en Cambre, do auditorio, chamémoslle dalgunha maneira, nese sentido como se queira. Por que. Porque ademais do que ten dito o concelleiro señor Leirós do que ten de mellora do espazo urbano de Cambre, do que ten de dinamización da nosa vila, da nosa capital municipal agora dalgunha maneira de estender a súa trama urbana e de dotala dun edificio referencial con carácter público que sirva para dotar de maior coherencia a unha vila en moitos aspectos desestruturada ten lóxicamente, como non podía ser doutro xeito, nun espazo cultural desta envergadura un valor cultural inmenso e moi necesario para este concello.

Continúa a dicir que el o di porque leva pouco, lóxicamente, no goberno municipal e na oposición ás veces es consciente de determinadas cousas que intúes pero ata que entras nun goberno non acabas de ver e di que teñen que ser, todos, dende logo o goberno pero cre que tamén a oposición, e o conxunto de veciños e veciñas de Cambre conscientes de que semanalmente en Cambre se está a perder de realizar actividade cultural tanto propia, creatividade que hai no noso concello, a nivel musical, a nivel teatral, en fin, mesmamente cinematográfico, e doutras disciplinas, porque non ten un espazo para acoller esa actividade, pero que tampouco poden ofrecer aos seus veciños determinados espectáculos, porque non ten un lugar, porque o lugar que a día de hoxe ten onde colle máis xente no concello de Cambre para ver unha representación teatral é o centro sociocultural do Graxal, que ten unhas limitacións que son obvias e, entre nós, non entre nós non, e vergonzosas para moitas das montaxes que aquí se traen e que, en certa maneira, limitan non soamente a calidade do que se trae senón ata un punto de visto incluso ético, porque que sentido ten que se opte a programar actividades culturais que igual custan dous mil ou tres mil euros e que están pensadas para un auditorio de duascenas e pico, trescentas e pico, catrocentas persoas e resulta que se teñen que programar para noventa, co que, se está a cuadruplicar moitas veces o custo da actividade cultural.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A maiores disto, sábese, porque así o din os técnicos, que un edificio destas características non é soamente un contedor cultural, senón que se se programa axeitadamente acaba sendo tamén un xerador cultural, un ente dinamizador, é dicir, un espazo polivalente onde dalgunha maneira poida haber cultura e ten tamén unha clara vertente social, é dicir, é un punto de encontro, non é loxicamente, di que lle entendan como o di, un centro de día, pero ten tamén un valor social.

Hai loxicamente unha decisión, unha determinación política de levar adiante este auditorio. El, di dous matices, en parte un xa se dixo, o proxecto non é novo. É unha modificación sobre un proxecto existente do que se ten falado, en fin, do divino e do humano nos últimos anos neste concello. Incluso, el, que é unha persoa total e absolutamente inepta para cuestións urbanísticas e arquitectónicas, faise unha idea do que se está a falar e entende que esta modificación vai na liña do raciocinio, na liña do posible, na liña de que se pode facer agora para solucionar os problemas que Cambre ten agora e, a maiores disto, di que el se permite aquí unha certa licenza.

O señor alcalde solicita a don Daniel Carballada que vai rematando a súa intervención.

Continúa don Daniel Carballada Rodríguez e expón que remata de inmediato e é respecto de quen garante, dicíao e dicíao ben con toda a razón a voceira de Ciudadanos, quen garante que o ano que vén determinados plans de subvencións da Deputación da Coruña e di que el se ofrece persoalmente, porque é algo no que cre, a quedar un día, a visitar, incluso, a Deputación, con ela, para que alí lle expliquen mellor do que el pode facer como a nova modalidade de subvencións e de financiamentos de concellos por parte da Deputación da Coruña, non quere entrar nunha liorta política, é bastante máis obxectiva no reparto de fondos en atención á unha serie de criterios de poboación, de subvencións de anos anteriores, de riqueza, de recursos, etc., que o que había antes. Entón, ese chip de non sabemos se nos van dar. Si sabemos que, polo menos, no que resta de mandato provincial segue en pé ese plan do que o Partido Popular votou en contra, Cambre polo menos terá unha serie de ingresos bastante definidos e bastante amarrados do que tiña antes ao albor político que tocasse.

O señor alcalde maniféstalle a dona M^a Olga Santos que, por suposto, hai moitas necesidades no concello de Cambre, xa o dixo ela antes. Di que unha delas, por suposto, e é unha materia pendente seguramente é o centro de día, que seguramente todos están de acordo tamén que é unha necesidade no concello de Cambre.

Continúa a dicir que o tema do auditorio e da biblioteca, como saben, é tamén unha das necesidades. A necesidade non soamente do edificio como ben explicaba agora don Daniel Carballada, senón que tamén é unha necesidade o sacar a biblioteca, e todos o saben, do centro de saúde de Cambre, pois para aforrar, en principio, case noventa mil euros ao ano e segundo, para esixirlle a Xunta de Galicia, se poden, que amplíe a oferta sanitaria e di que isto o saben todos. Tamén é unha demanda, ademais, dos veciños e das veciñas de Cambre maioritariamente o tema do auditorio. Por iso, escolleuse. Hai moitas outras e está de acordo, o auditorio tamén e unha delas, sen ningunha dúbida, está completamente de acordo.

Di que con respecto dos pagamentos, como non quere politizar isto, di que o que fixo é deixar en mans do interventor a cantidade de cartos que se tiña para investimentos e como se podía facer para conseguir todo isto, por certo, María, están as pistas polideportivas de Sigrás e Brexo Lema. Porque intenta, non é por nada, se non que á final se intenta adaptar as achegas e as intenta colocar nun sitio e noutro. Non é como ver, non é nada en contra de Ciudadanos, nin moito menos. O que fixo foi falar coa Intervención municipal e dicir como se pode facer este investimento garantindo que se pode facer, dende logo, non está tolo para dicir que se vai facer unha obra deste tipo e o segundo ano poder quedar colgados, coa obra sen rematar.

Di que a continuación o señor interventor municipal explicará como se vai facer esta obra nestes anos.

O interventor municipal expón que principalmente se trata dunha obra plurianual. Di que hoxe pola mañá, ten que recoñecer que lle chamaron da Deputación coa mesma dúbida se se podía realizar esta obra. Di que lle sorprendeu porque hai dous cousas, o concello elaborou os orzamentos para este ano no mes de outubro e de novembro para presentalos ao pleno de decembro. Foi un pouco por diante da Deputación no caso de non aprobar as bases, co que tivo que ir un pouco intuindo as bases deste POS+ que é novo e, máis ou menos, acertou en canto ás cantidades, en canto aos destinos. Houbo que facer algunha matización, pero di que, máis ou menos, se acertou o que podía ir un pouco a saneamento, asfaltados, pistas polideportivas.

Pero, continúa a dicir, hai un concepto que é o que lle preocupa agora, que é o auditorio. O auditorio faise en tres anualidades, nas cales se divide a primeira anualidade 450.000 euros, na segunda 750.000 e na terceira 600.000 euros. Di que a pregunta é si a primeira está asegurada, pero quen te garante que a segunda e a terceira terá a subvención. Di que se parte dunha idea equivocada, porque en ningún momento se está a desenvolver o auditorio con ningunha subvención. Isto ven dun concepto que, cre, quizais a Deputación non o aclarou dende o principio. El tamén o comunicou á Deputación. Cre que a Deputación non ten moi claro o que é o PAI. O plan de aforros e investimentos non é unha subvención. É un préstamo, é dicir, non está a subvencionar nada. Estannos a prestar o diñeiro. Di que supón isto. Que se o concello as tres anualidades que pon as pon con recursos propios e co PAI e no 2018, 2019 desaparece o PAI, ten unha solución moi fácil, acudir a un préstamo bancario, sería un tipo de interese un pouco maior, pero o financiamento estaría asegurado. Sorprende, en certo caso, persoalmente, é isto ao mellor é unha crítica un pouco técnica, que se preocupen moito pola fonte de financiamento cando está claramente especificada, recursos propios, préstamo, chamémoslle PAI ou chamémoslle préstamo financeiro, e non se preocupen por aproveitamentos urbanísticos ou por monitorizacións futuras noutras obras, que son, quizais, máis ambiguas, é dicir, non sabe se se explica, non está a dicir que imos ter unha subvención no 2018. Se no ano 2018 a Deputación non ten a ben aprobar ningún PAI o concello acudirá a un préstamo financeiro, di que todo isto aparece na memoria do orzamento e se di de onde se sacarán os recursos propios no orzamento.

O señor interventor continúa a dicir que tamén lle esixían hoxe dicir que el o poñía plurianual porque parece que quere dilatar. Di que non. Di que se falou e Juan o sabe, que se coordinou perfectamente os meses de execución da obra cos meses da orzamentación, é dicir, son moi puristas e iso non é bo. Espera que sexan igual de puristas e, isto o di como crítica, como outorgar un préstamo a Deputación a concellos que non teñen os orzamentos aprobados, cando o artigo 50 do Texto refundido a primeira condición que esixe para asinar un préstamo é ter aprobados os orzamentos e aquí non se esixiu nunca ningún certificado de ningún interventor e outorgou préstamos a esgalla sen ter aprobado ningún orzamento, di que iso se sabe. Por iso di que unhas cousas comportan outras e é algo que quere deixar claro. O cadro de financiamento que se pode cumprir, entende, que razoadamente, no que hai unha serie de ingresos por préstamos e unha serie de ingresos de recursos propios. De feito, os recursos propios, cre lembrar, que estarían vinculados a determinados investimentos que se van realizar este ano e non se realizarán en exercicios seguintes que son expropiacións. Hai 200.000 euros nunha partida de expropiacións que se realizarán este ano e non se vai estar expropiando todos os anos evidentemente e di que se recomenda por parte da Intervención municipal derivalo a recursos propios no cadro do auditorio, co que, cre, que queda máis ou menos claro. Di que non se fala de ningunha subvención, de ningún recurso que se poida monitarizar ou quedar algunha venda que se poida realizar ou non realizar.

Manifesta que cre que está bastante claro. Son tres exercicios orzamentarios, porque pouco máis ou menos a execución do auditorio, estase a falar sobre dezaioito meses, di que o corrixe Juan, máis ou menos sobre dezaioito meses, co que, entre a licitación, quedaría en tres exercicios orzamentarios, 2017, 2018 e 2019. Di que máis ou menos a execución que sería de 450.000 euros este ano que sería a de licitación que sería o ano que menos obra se executaría iría 750.000 euros no 2018, que sería o ano onde se faría o groso da obra, e 600.000 para rematar a obra. No caso de que houbera baixas, tamén se analiza no cadro de financiamento do orzamento onde se destinarían esas baixas. Neste caso, estarían baixas sobre os recursos propios e se manterían sobre o préstamo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Continúa a dicir que a capacidade de financiamento do Concello de Cambre máis ou menos todos saben, ben ao mellor non o sabemos todos, coa nova lei de estabilidade o que permite endebedarse é o que se amortiza de préstamo. Di que se está a amortizar sobre uns 400.000 ou 450.000 euros con esta moratoria que deu a Deputación da Coruña de amortizar os préstamos do PAI 2015-2016. Estase a amortizar uns 400.000 euros, e eses 400.000 euros sería o que se permite endebedar, co cal, en condicións reais, normais o financiamento está asegurado. Non se está a depender nin de ningunha subvención, que poidan dar ou non dar, é todo con recursos propios municipais en tres anualidades, porque se segue a dicir que un préstamo aínda que é un axente financiador externo, e todos o saben, un préstamo ao final o acabamos pagando nós. Non é diñeiro que dean, é un diñeiro que adiantan. Por iso, non deixa de ser recurso municipal, que se pagará a dez anos, co tipo de interese que dean, se dan carencia ou a carencia que se está a ampliar, pero sempre, non deixa de ser un recurso municipal propio.

Expón que sempre se fala que os préstamos son uns recursos sui géneris porque é un diñeiro que se obtén agora, é dicir, é un activo que se contén nun exercicio que se converte nun pasivo nos vindeiros exercicios. Todo isto di que o entende calquera, cando se accede a un préstamo dun banco, se ten un ingreso na conta corrente de 200.000, 300.000 euros ou o que se pida, que vai supoñer uns gastos futuros de amortización de capital principal e dos intereses que cobren. Por isto, cando se fala de que o auditorio é integramente con recursos municipais aínda que adiante o diñeiro da Deputación no PAI e, no caso de que non houbera PAI habería que acudir a unha entidade bancaria, como se acudiu moitas outras veces, di que o financiamento está asegurado. Di que cando non estaría asegurado, evidentemente se cerraran a billa todas as entidades bancarias, pero non é o caso, ata o de agora todos os préstamos aos que acudiron, se presentaron ofertas de todas as entidades bancarias, cre lembrar.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, agradece o señor interventor a explicación. Di que simplemente preguntou como se ía financiar e, repite, agradece a explicación. Se isto viñera conxuntamente co informe en todos os papeis que lles deron, xa non necesitaba preguntalo. Pero di que entenda cal é a súa preocupación, por iso a pregunta. Igual ca pregunta de que lle din vostede tranquilo que se vai executar, pero no propio informe da área de Urbanismo e Medio Ambiente, do señor arquitecto municipal don José Ramón Díaz, di “o proxecto cumpre coas determinacións da normativa de aplicación sinaladas anteriormente. Está sen executar a urbanización da UE4, debéndose rematar esta actuación antes do comezo das actividades da nova edificación”. Di que por iso o preguntou. A el con que lle digan tranquilo señor Rivas que isto tal, non lle vale. Cre que está claro o informe do señor arquitecto, porque ese proxecto que se rescatou, que é posiblemente do ano 2009 ou 2008, non o lembra, estaba proxectado na mesma parcela, no mesmo sitio onde vai agora, e se fala de que o propietario tiña que facer a urbanización. Di que entendan cal é a súa preocupación, que oxalá todo saia ben, oxalá, e oxalá que os fondos da Deputación aumenten, non que diminúan, como diminuíron co POS+. Di porque diminuíron. A Cambre 162.000 euros menos, con respecto dos plans anteriores, diminuíron. E é moi bo, e está de acordo que é bo, pero diminuíron os fondos, por iso solicitará na Deputación que os remanentes se apliquen a todos os concellos.

Pero, entendan a súa preocupación con estar de acordo co auditorio. Di que todas as obras, el como empresario quizais o saiba máis, hai un plan financeiro, un plan de viabilidade, un plan para realizar as cousas. Cre que isto non está completamente asegurado. Di que se lle din que hai obras máis importantes, naturalmente, como dicía Olga, hai obras máis importantes, Santa María de Vigo, que está o proxecto feito, está sen saneamento, Andeiro está sen saneamento, e son obras sostibles, cousa que aquí, e efectivamente lle chamaron da Deputación por unha pregunta que el fixo ao interventor antonte sobre este asunto. Por que. Porque se non é un proxecto sostible, se poden atopar cun muro. Loxicamente o interventor da Deputación chama preguntando como afrontarán este tema, di que lle preguntan porque a Deputación quere telo claro e a súa preocupación tamén foi esta, por iso lle preguntou ao señor interventor da Deputación nas comisións do martes, igual que o fai aquí, porque como non houbo unhas comisións onde isto se poida explicar, o ten que facer no pleno.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Manifesta que entende a urxencia de todo isto, porque a el lle ocorreu sendo alcalde, pero di, que quizais hoxe puideran ser as comisións e isto mesmo traelo moito máis clarificado o luns da semana seguinte, como vai facer o alcalde de Oleiros, o alcalde de Culleredo e o alcalde de Arteixo. É así de claro. O que sucede é que isto vai metido con calzador e os proxectos son os mesmos, pero isto se tería máis clarificado e a tensión sería menor. Di que cre que deben entender cal é a súa preocupación. Con ser moi necesario e está de acordo neste caso don Daniel Carballada, que xa é difícil que estean de acordo, pero que é unha promoción de Cambre que o auditorio é bo e que é necesario ter un auditorio en Cambre, é verdade, pero ao mellor encontrándose con pequenos problemas que puideran xurdir onde quedan dúbidas sobre todo coa Deputación e cos técnicos da Deputación, cando quedan dúbidas, quizais vale a pena dicir ante as dúbidas de que isto non poidan chegar a bo fin, non se ten claro o plan de actividade, o plan de viabilidade, o plan financeiro de todo isto e se vai meter neste gasto, que se faga outras obras sostibles que son tamén necesarias en Cambre, que as hai e están os proxectos feito, que xa citou antes, o saneamento en Santa María de Vigo e Andeiro. Di que entendan cal é a súa preocupación e non o fai con ánimo de cravar unha chincheta, o fai co ánimo de aclaralo.

O señor interventor maniféstalle que non o toma a mal, non ten ese prurito profesional da chamada, de que un pouco se preocupase o interventor da Deputación se el o estaba a facer ben ou o estaba a facer mal. Non ten ese prurito e dille que sabe que o fai dende o cariño e el tamén dende o cariño lle comunicou que tivera consideración tamén cando fiscalizase o tema dos orzamentos aprobados, tamén por cariño, non por prurito profesional, non é igual, di que se algún día hai unha inspección do Tribunal de Contas, podémonos votar as mans á cabeza, porque están a dar préstamos aos concellos.

O señor alcalde interrómpeo e maniféstalle que trate o tema exclusivamente.

O señor interventor manifesta que hai outra dúbida que tiña, que el non entende porque, dicía que non se podía financiar a obra plurianual. Lendo as bases, descubriu que si, que se podía financiar unha obra plurianual, que non había esa limitación, o que non se pode xuntar son os tres plans. Di que lle agradecería a vindeira vez a Manuel Rivas que primeiro fale con el, sobre todo, porque isto llo podería explicar mellor e foi unha chamada un pouco tensa, dío falando totalmente en serio, isto en comisións llo diría. Foi tensa porque no momento el se sentiu un pouco como se el estivera facendo mal as cousas. El inténtao facer coa mellor vontade, de feito, aclarouno nas bases do orzamento. Co maior dos respectos, díxolle que cría que estas cousas se estaban a facer ben aquí e que o tiña claro. Recoñece que José Manuel foi moi agradable e chegaron a un acordo, pero a chamada nun principio cremos que o estás a facer mal.

No tema urbanístico non pode dicir nada, dado que o descoñece. O tema do financiamento di que o ten claro, explicado e matizado, a Deputación o entendeu, queda tranquila. De feito, di que el comprometeu a realizar un informe neste sentido, para que quede claro o tema do financiamento, que non había ningún problema, explicando no caso de que non houbera PAI para os anos 2018 e 2019 se acudiría a unha operación de préstamo, para que non houbera ningún tipo de problema. El, polo demais, non pode garantir é que en 2018 e en 2019 se presenten e non houbera ningunha entidade bancaria. O razoable é que si.

O señor alcalde manifesta que lle preguntaría ao señor Rivas cantas iniciativas tivo el, porque é o único deputado que hai aquí na Deputación, en canto a conseguir algo para Cambre nos anos que leva. Estaría ben coñecelo, polo menos, por parte do alcalde para defendelo, porque todo o que pide na Deputación ou pida na Xunta, ou onde sexa, para Cambre, el o vai a apoiar, sen dúbida, se o coñece. Tanto el como o resto dos concelleiros. Parece que se ten o inimigo en casa, é dicir, en vez de preguntarlle ao interventor municipal, lle pregunta ao interventor da Deputación, di que lle pregunte ao interventor municipal, vostede vai intervir a conta da casa da Cultura, como vai a facer, vai aprobar, xa se aprobaron os orzamentos, e xa ía nos orzamentos. Repite, di que lle pregunte, non hai comisións, é un pleno extraordinario e urxente, di que lle pregunte igualmente, ten un teléfono, pode vir aquí, ten o e-mail, podía preguntarlle sen ningún tipo de problema. Di que parece que se ten o inimigo na casa. Di que se non hai PAI, espera que o señor Rivas dende a Deputación prema para ter PAI e ter os cartos suficientes para financiar o ano seguinte e dentro de dous anos esta biblioteca, se o señor Rivas segue en

política, espera que realmente siga apoiando estas iniciativas por parte deste goberno, porque como ben di, e lle agradece moito, que está de acordo con que este auditorio biblioteca é necesario para Cambre, como o señor Rivas di e está de acordo. Di que Andeiro e Santa María de Vigo a rede de sumidoiros, Sigrás, Pravio, en fin, case todas as parroquias se necesita rede de sumidoiros, necesitan sendas peonís, necesitan moitísimas cousas.

Continúa a dicir que é verdade, como dixo Olga, é unha decisión política. É algo que se lle deu voltas ao tema da biblioteca, do auditorio en Cambre durante moitísimos, moitísimos anos, antes de estar el en política, xa se facía. O anterior proxecto, cre, que eran máis de tres millóns de euros, cre lembrar. Era inviable facer un auditorio nestes momentos e biblioteca por tres millóns de euros. Disponse de 1.800.000 e dixo imos a facer o que se poida cun 1.800.000 euros e niso están e lle están a pedir cartos á banca, neste caso, á Deputación, quen lle dixo que contarían coa súa axuda e lle pediu á fundación Amancio Ortega tamén e está á espera de que lle conteste. Iso é o que está a facer con respecto do auditorio. Que se podían facer outras cousas. Repítelle que por suposto que si, que seguro; que fan falla, seguro; que as hai que acometer pouco a pouco; niso está tamén.

O tema do auditorio biblioteca en Cambre todos estaremos de acordo que é unha das necesidades que temos no concello de Cambre.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que o interventor da Deputación, como o interventor no concello de Cambre, está presente nas comisións informativas que hai na Deputación. Di que el estaba sentado ao seu lado. Tiña unha dúbida co tema da sustentabilidade e entón preguntoulle ao interventor e o que menos imaxinaba era que o interventor da Deputación ía chamar ao señor alcalde, isto en primeiro lugar.

Di que en segundo lugar, aquí non hai ningún inimigo en casa. Vaile dicir máis. Esta semana co Plan de medio ambiente, que deixaron a subvención de plan medioambiental, intentou que Cambre e Narón que se quedaron fóra, volveran a ter esa subvención, que o goberno a perdeu por non presentala en prazo. Faise moitas cousas. Di que el se ofreceu aquí neste salón de plenos moitas veces a se o goberno necesitaba algo da Xunta ou da Deputación, para iso é deputado, que ía con eles, fora ao departamento que fora e o acaba de ofrecer a Brais tamén. Por que. Porque quizais coñeza mellor á persoa que eles. Aquí non hai ningún inimigo en casa e di que el pelexa por Cambre, senón non estaría aquí sentado, que grazas a Deus non o necesita, pero é o seu concello e quere facer deste concello un sitio para vivir. O auditorio oxalá saia ben e todas estas dúbidas que el ten non haxa ningunha traba porque el é o primeiro, oxalá, e di que lles felicitará. Pero teñen que darse conta que el ten unha dúbida razoable, repite unha dúbida razoable, e quere que lla expliquen, dado que non lla explicaron noutro foro máis curto, sen público, o ten que facer aquí no pleno. Dille ao señor Patiño que non ten o inimigo en casa, que o esqueza. Di que el lle ofreceu moitas veces que se necesita ir á Xunta a falar con calquera conselleiro que llo diga e o segue repetindo. Ninguén o chamou ata o día de hoxe. Ninguén.

O señor alcalde manifesta que cre que o señor Rivas se equivoca no seu principio de exposición, cando di que na comisión da Deputación está o interventor da Deputación e o interventor municipal. Di que quede claro que o interventor da Deputación está nos plenos da Deputación e nas comisións. Non é que o interventor municipal estivera alí. Xa sabe que el o coñece, pero igual xente do público non o coñece e quere deixalo claro, simplemente é por unha pequena equivocación.

Dille ao señor Rivas que traia algo da Deputación, que lles sorprenda, diga que conseguiu coa Deputación este plan, e di que el lle dirá que o cre. Di que el vaia da man do señor Rivas á Xunta de Galicia igual é contraproducente neste momento. Dille que traia aquí ao conselleiro e lle di que sabe cales son as necesidades deste concello igual ou mellor que el. Dille que aos seus compañeiros do Partido Popular, tanto na Xunta coma na Deputación, que os traia aquí tamén que serán atendidos, pero de marabilla, por parte de calquera conselleiro ou deste alcalde, para conseguir as cousas que se necesitan que o señor Rivas sabe perfectamente que se necesitan. Non fai falta que lle pida a un conselleiro por favor que lle atenda. Non. Di que el non quere un favor. Quere o seu dereito, quere que lle atendan por dereito, porque ten ese dereito a que lle atenda a Xunta de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Galicia ou a Deputación e así vai a seguir. Non vai ir da man para que lle atendan e lle fagan favores. Teñen que dar o que realmente lles corresponde como veciños de Cambre. Nin máis nin menos.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia